

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de decembro de 2005

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día nove de decembro de dous mil cinco de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1679).-RATIFICACIÓN DE URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1680).-INICIO DE EXPEDIENTE DE CESIÓN DO DENOMINADO EDIFICIO CAMBÓN PARA SEDE DO PATRONATO NACIONAL DE ILLAS ATLÁNTICAS E DEMAIS ACORDOS COMPLEMENTARIOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 7.12.05, conformado pola xafa de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- O Pleno municipal en sesión de 4 de novembro de 2005 adoptou o acordo, en relación á moción do Grupo municipal do BNG sobre cesión do edificio Cambon para sede do patronato das Illas Atlánticas, de instar á Xunta

do Goberno local a que previos os tramites regulamentarios que sexan precisos acorde ceder o edificio Cambon para sede técnica ou centro de integración do parque nacional das Illas atlánticas.

2º.- O edificio Cambón é un inmovible de titularidade municipal adquirido mediante cesión gratuita da Xunta de Galicia, acordada por decreto 86/2004 de 25 de marzo da Consellería de economía e facenda da comunidade autónoma, e aceptada pola Xunta de Goberno local en sesión de 31 de maio de 2004, e inscrita no Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo no tomo 1461 folio 202 finca nº 6136-N inscrición 23ª a favor do Concello de Vigo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O acordo plenario adoptado e polo que instase á Xunta de goberno local a cesión do edificio Cambon para a sede técnica ou centro de investigación do parque Illas atlánticas basease, según resulta dos seus antecedentes, nun acordo adoptado pola comisión mixta de xestión do Parque nacional das illas atlánticas de 26 de setembro de 2005 de solicitude as entidades locais de cesión de edificios solares ou locais para a sede do mesmo, como asimesmo na necesidade de dotar ó centro histórico de Vigo de novos servizos, centros públicos, dotacións, etc, considerando convinte que o edificio Cambon teña xa un uso axeitado.

2º.- A fin de cumprimentar o acordado polo Pleno municipal, procede a tramitación do correspondiente expediente administrativo para a cesión ó Organismo autónomo Parques Nacionais, dependente do Ministerio de Medio ambiente, da administración do Estado, o devandito edificio co fin de adicalo a sede provisional do Parque nacional Illas Atlánticas.

O procedemento a iniciar require a depuración física e xurídica do inmovible de titularidade municipal (artigo 113 do Regulamento de bens de entidades locais) co fin de determinar a viabilidade e adecuación do mesmo o negocio xurídico de cesión gratuita interesado, consonte a normativa vixente reguladora do patrimonio das entidades locais.

3º.- Neste senso, terase en conta o rexime xurídico ó que atopase suxeito o edificio Cambon, derivado das condicións e termos nos que foi cedido ó Concello.

A cesión do inmovible pola Comunidade autónoma galega, efectuouse dacordo co disposto para os inmobles de natureza patrimonial na normativa rectora do seu patrimonio (Lei 3/1985 de Patrimonio da Comunidade autónoma galega e regulamento que a desenvolve).

A cesión en propiedade, e a título gratuito, acordada por decreto 86/2004 de 25 de marzo da Consellería de economía e facenda da Xunta de Galicia, efectuouse suxeita ás condicións de uso e destino específicos establecidos no seu artigo 2º, que dí:

“ A cesión queda sometida ás seguintes cláusulas:

- a) O fin da cesión será a dedicación do inmovible a sede da alcaldía e, de ser o caso, a dependencias de outros órganos de goberno do Concello de Vigo.
- b) Se o ben cedido non se aplicase co fin sinalado dentro do prazo de dous anos, contado desde o outorgamento da escritura pública, deixase de estalo con posterioridade, se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento, ou se incumprisen calquera das outras cláusulas, considerarase resolta a cesión e o dereito reverterá á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 87 do Regulamento da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega.”.

Conseguentemente, aceptada a cesión polo órgano de goberno deste Concello en acordo de 21-5-2005, nos termos en que foi outorgada, resulta a obriga desta administración de cumprimento de ditas condicións e polo tanto o

vencellamento do inmovible ós fins específicos en que cedeouse, actuando noutro caso a condición resolutoria expresa da cesión e a reversión do ben á administración cedente previsto no apartado segundo do citado artigo.

4º.- A teor do exposto, e tendo en conta que no Organismo autónomo Parques Nacionais das Illas Atlánticas non concurren, nin obxetiva nin subxetivamente, as condicións nas que se efectuou a cesión do inmovible, non tendo a condición de órgano de goberno desta administración, nin os seus fins e actividades semellanse propios destes, resulta inviable, neste intre unha cesión a dito organismo, sin que medie autorización expresa da administración cedente (Xunta de Galicia) liberando e eximindo a esta administración cesionaria, aínda que sexa temporalmente, do cumprimento das condicións en que foi outorgada a cesión, habilitando a posible cesión en uso con carácter provisional e por un tempo máximo de 4 anos de dito inmovible a favor do devandito organismo autónomo.

5º.- Por outra banda procede sinalar, en función ós fins e destinos ó que resultou vencellado o inmovible, a natureza xurídica de ben de dominio público, afecto ós servizos administrativos desta entidade consonte o disposto no artigo 5 apartados 1 e 3 da Lei de Patrimonio das administracións públicas, e 79.3 da Lei de bases reguladora do rexime local en relación co art. 265 da Lei de administración local de Galicia.

Requeríndose igualmente, nestas condicións, como trámite previo, a cesión gratuita do inmovible, a alteración da súa natureza xurídica desvinculándolo ós servizos públicos administrativos, para o que semellase necesario acadar a autorización expresa da Xunta de Galicia, sinalada anteriormente.

Polo que antecede, sometese á Xunta de Goberno local, dacordo co interesado polo Pleno municipal na súa sesión de 4 de novembro pasado, e coa finalidade da súa consideración en función ós intereses municipais, o inicio dos trámites administrativos procedentes de cesión en uso do edificio Cambón ó organismo autónomo Parque nacional Illas Atlánticas para sede provisional deste, adoptando, de ser o caso, o seguinte acordo:

1º.- Iniciar expediente administrativo para a cesión en uso, a título gratuito, do edificio Cambón sito na rúa Palma nº 4 desta cidade, ao organismo autónomo Parques Nacionais para o seu destino á sede do Patronato do Parque Nacional Illas Atlánticas.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia o outorgamento de autorización administrativa expresa ao Concello de Vigo, para a cesión, nos termos e condicións sinaladas no apartado 1º, do edificio Cambón ao organismo autónomo Parques Nacionais, debendo, en consecuencia, deixarse sen efecto as previsións contidas no artigo 2 do decreto 86/2004 de 21 de marzo da Consellería de Economía e Facenda .

Acordo

A Xunta de Goberno local, visto o precedente informe, acorda:

1º.- Iniciar expediente administrativo para a cesión en uso, a título gratuito, do edificio Cambón sito na rúa Palma nº 4 desta cidade, ao organismo autónomo Parques Nacionais para o seu destino á sede do Patronato do Parque Nacional Illas Atlánticas.

2º.- Solicitar á Xunta de Galicia o outorgamento de autorización administrativa expresa ao Concello de Vigo, para a cesión, nos termos e condicións sinaladas no apartado 1º, do edificio Cambón ao organismo autónomo Parques Nacionais, debendo, en consecuencia, deixarse sen efecto as previsións contidas no artigo 2 do decreto 86/2004 de 21 de marzo da Consellería de Economía e Facenda .

3º.- Sen prexuízo do indicado nos dous apartados anteriores, e para o caso de que as necesidades de instalación provisional da sede do Patronato das Illas Atlánticas sexan inmediatas e perentorias, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar a disposición deste órgano municipal de ceder provisionalmente para os mesmos fins, o edificio municipal ubicado na Praza do Berbés e que con anterioridade se encontraba dedicado a Escola de Hostelería.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. Presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA- SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez